

REVISTA DE HISTÓRIA DAS IDEIAS 15

Rituais e Cerimónias



INSTITUTO DE HISTÓRIA E TEORIA DAS IDEIAS
FACULDADE DE LETRAS

COIMBRA 1993

rito e violación: dereito de pernada na baixa idade media

Os inculpados medievais por delito de violación de mulleres son homes que pertencen a tódalas clases sociais, desde nobres ata servos e maníacos sexuais. Con todo, hai que destacar un dato significativo en canto á orixe social de moitos dos agresores: o abuso de autoridade e a violencia ética que entraña a existencia dunha relación social e mental de subordinación entre violador e violada, isto é, parentes, soldados, oficiais públicos, señores ⁽¹⁾. O feito habitual de que nobres acusados, directa ou indirectamente, de violación soan selo ó mesmo tempo doutros delitos ⁽²⁾, ponnos na pista da especialidade medieval en delitos de violación: o dereito de pernada. Uso e costume en determinados lugares e momentos da Idade Media, e simple forzamento de mulleres visto desde a modernidade e aínda dende a propia Idade Media, o dereito de pernada préstase pois a unha cambiante representación social: institución feudal versus violación.

Os nobres impoñen o rito do acto sexual coas mulleres vasalas desde o seu dobre poder de homes e señores, o cal obriga a distinguir

(*) Universidade de Santiago de Compostela.

O A. Porteau-Bitker, "La justice laïque et le viol au Moyen Age", *Revue historique de droit français et étranger*, n.º 3, 1988, pp. 499-504.; B. S. Anderson, J. P. Zinsser, *Historia de las mujeres: una historia propia*, I, Barcelona, 1991, pp. 140-142, 301, 462.

(2) C. Barros, *Mentalidad justiciera de los irmandiños, siglo XV*, Madrid, 1990, pp. 204-205; A. Porteau-Bitker, *ób. cit.*, p. 502.

o estudo da violación no feudalismo do estudo da violación noutros tipos de sociedade. Sobre todo se consideramos que, en principio, era tradición admitida máis ou menos amplamente este dereito feudal de que señor se deitara coa novia na súa primeira noite de casada como xesto de vasalaxe. Conforme este costume perde consenso social, e os señores siguen esixindo e practicando a prestación corporal das mulleres, devén, xa no século XV, causa inmediata de revoltas antiseñoriais. O dereito medieval de pernada vai co tempo perdendo o terreo que gana o dereito popular de revolta.

Non imos atopar pegadas de *ius primae noctis* no dereito escrito: como uso conceme ó dereito consuetudinario ⁽³⁾ e como abuso ó dereito de revolta, ambos de expresión fundamentalmente oral ⁽⁴⁾. A través do dereito de revolta os vasalos contestaron o costume feudal da primeira noite, transportándoa así ó dereito escrito de aplicación: a Sentencia de Guadalupe abolindo os malos usos e outros abusos persoais, promulgada por Fernando o Católico para Cataluña en 1486, é o exemplo máis notorio, segundo estudaremos ó final deste traballo.

Claro que o silencio, pleno de significations, da cultura letrada *tout court* encol do dereito señorial de pernada, non é nunca total. Alfonso X e a súa corte de xuristas, empeñados en substituír, na segunda metade do século XIII — cousa que non se consegue ata ó menos pasado un século —, o dereito vello castelán, de matriz goda e localista, pola novidade europea, o dereito común romano-canónico, enfocan a violación como delito moi grave, cunha punición que pretende reservar para si o rei como caso de Corte. E indirectamente retírense ó dereito de pernada cando fixan en quinientos soldos a multa a pagar en caso de que "alguu orne desonrrar nouho casando ou nouha en día de voda ⁽⁵⁾" ¿que home se non un poderoso e con ascendente sobre os novios pode impor tal deshonra do día da boda? ¿Non proba este delito a vixencia no século XIII do ceremonial señorial de reservarse as súas vasalas a primeira noite de bodas? A indecisión legislativa denota certa complicidade á hora de identificar os posibles delinquentes; indeterminación que resta credibilidade á decisión

(3) M. Albistur, D. Armogathe, *Histoire du féminisme français*, 1, Cher, 1977, p. 47.

(4) Esta falla de novas legislativas alentou e alenta dúbidas, na nosa opinión infundadas, sobre a súa existencia real.

(5) *Fuero real*, ed. de Azevedo Ferreira, Braga, 1982, p. 164.

paralela de facer da "mujer forzada" un caso de Corte (1274). En troques queda patente que o novo dereito non vai favorecer dita deshonestidade.

Outro indicio da existencia do costume feudal que nos ocupa: o clérigo que cometa pecado de "fornicio" cunha casada e virxe, "o que yogó con ella despues de que ovo marido", séxalle retirado o oficio e o beneficio (*Partidas* I, 5, 35) ⁽⁶⁾. Non se fai aquí mención algunha ó emprego da forza pero si á condición do virtual poseedor da recén casada como clérigo con cargo e beneficio (calquera pequeno, mediano ou gran señor eclesiástico).

Prácticamente tódalas novas explícitas que manexamos sobre o dereito de pernada corresponden, ou teñen nelas a súa orixe última, a fontes orais de tipo xudicial, relacionadas case sempre con conflitos e cultura popular. Son os vasalos na Baixa Idade Media quen dende a tradición popular, oral e de revolta, suscitan o problema do dereito de pernada como unha violación encoberta. Se ben letrados de Corte primeiro e historiadores eclesiásticos despois, van converxer coa presión dende abaixo, dando cabida na cultura *savante* a unha tradición oral anteseñorial que se foi formando lentamente desde fins do século XIV.

En 1385, García Gomes, alcalde maior de Galicia polo Rei, dicta a sentenza arbitral dun pleito entre os campesiños de Aranga e do mosteiro de Sobrado sobre señorío, rendas, xustiza e dereitos de vasalaxe: en favor da abadía en canto a propiedade e xurisdicción ⁽⁷⁾, e en beneficio dos campesiños reconocéndolles usos como pacer o gando e cortar leña no couto, e eliminando outros denunciados como abusivos polos veciños como cobrar *maniñádego* — o señor quedaba cos bens do difunto sen herdeiros — habendo descendencia, ou o dereito de pernada. Oíamos ó representante do campesiño Juan Nieto, pois "me dijo e me querello", afirma o xuíz real que "levaban los grangeros de Carballotorto sus mujeres contra su voluntad para facer fueros en la dicha granja, non sabian quales, e que los tenian allá dos o tres dias" ⁽⁸⁾. Non fala claro Juan Nieto pero enténdese. A proba

⁽⁶⁾ Ed. de J.A. Arias Bonet, Valladolid, 1975, p. 89.

⁽⁷⁾ En 1349 o adiantado maior do rei pronunciara outra sentenza contra os mesmos campesiños que non comparecerán e viñan negando acatar o señorío de Sobrado e pagadles determinadas rendas, publica M. C. Pallares, *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia Medieval*, A Coruña, 1979, pp. 326-329.

⁽⁸⁾ Publica B. Vicetto, *Historia de Galicia*, VI, Ferrol, 1872, p. 57.

témola no tono do fallo que redacta o oficial real: "E otrosí en razón de las mujeres que eran tenudas de ir servir duas vezes en el año al granjero de carballo tuerto en la manera que dicha es fallo que tal servicio é tal fuero que non es onesto e por mal desonestidad que se podría ende seguir mando que tal fuero que non se faga" ⁽⁹⁾. Nesta mostra do dereito aplicado, aínda con algúns sobrentendidos, reemplázase o "non sabían quales" de Juan Nieto, dos misteriosos servizos que as mulleres emprestaban en Carballotorto por un aberto "tal fuero non es onesto", aseveración que colateralmente inculpa ó granxeiro de Carballotorto ⁽¹⁰⁾, o seu nomeamento en adiante, segundo a sentenza, o mosteiro ten que páctalo eos campesiños: "quando y oviere de poner algún granjero que llamen y dos ornes buenos de la dicha ribera que le tomen juramento que ben é verdadeiramente guardara e defender a los dichos ornes de la dicha ribera (...) e se contra esto les pasare que le tiren la granja e pongan y otro" ⁽¹¹⁾.

A imposición xudicial ó mosteiro dun dereito de veto por parte dos vasalos sobre o seu administrador e cobrador de impostos no couto de Aranda, ademáis de evidenciar a súa culpabilidade no asunto do sexo, é un éxito característico do dereito de revolta, simbolizado nese estrano ritual invertido do xuramento que ten que tomar o representante do señor jante dous vasalos do couto! Como esta vez a tradición oral éralles desfavorable (semellaba costume antiga que as mulleres foran soas presentar dito servizo á granxa) os campesiños buscan apoio no dereito escrito e preguntan ó alcalde real que averigüe en qué documentos consta dita obriga ⁽¹²⁾; o cal fundamenta precisamente a súa sentenza en que "no fue mostrado ante mi carta nin privilegio ni recabdo cierto porque lo debiesen hacer ⁽¹³⁾". E se o uso señorial da novia na súa primeira noite de casada non é recoñecido polo dereito escrito, menos aínda a interpretación libre e ampliada que se atribúe ó granxeiro de Carballotorto, que sendo representante

⁽⁹⁾ *Ibidem*, p. 62.

⁽¹⁰⁾ Membro seguramente da comunidade relixiosa de Sobrado, un monxe ou ó menos un irmao converso, véxase M. C. Pallares, *ób. cit.*, pp. 193-194.

⁽¹¹⁾ B. Vicetto, *ób. cit.*, p. 63.

⁽¹²⁾ "E que me pedían que yo que sopiese por los dichos privilegios o por quantas partes pudiese, quales fueros eran tenidos a facer los dichos ornes de Aranga e que ellos lo farían", *idem*, p. 57.

⁽¹³⁾ *Idem*, p. 62.

do señor debe tamén representar, camuflar, mal imitar, unha práctica ritual que nen lle corresponde nen lle vai ser recoñecida...

O dereito de pernada como uso e costume continuará vixente, e contestado — en Galicia a lo menos ata 1458 —> tanto na súa versión restrinxida e primixenia, señorial e nupcial, como na súa versión cada vez máis extendida, practicada polos delegados e soldados do señor os restantes días do ano. A noite de bodas, en todo caso, é o privilexio do amo. *Ius primae noctis* é un dereito persoal do señor a satisfacer a noite de boda, a súa emulación por parte dos axentes señoriais á marxe do ritual do casamento, vaise diferenciar pouco da violación con abuso de autoridade, forma degradada do dereito de pernada. O seu cambio de percepción como violación acompaña na Baixa Idade Media ó desprazamento da acción do señor ós seus subordinados.

O forzamento de mulleres do común por parte dos homes do señor, especialmente os soldados das fortalezas, será un dos grandes tipos de agravios de desencadean a ira xusticieira e antiseñorial dos irmandiños en 1467 ⁽¹⁴⁾. A propagación nos escalóns inferiores do poder señorial dun dereito de pernada en decadencia, incrementa o número de violacións e a violencia con que éstas se producen. O guerreiro do castelo, a diferenza do noso aínda sutil granxeiro de Carballotorto, tomará sen máis pola forza á doncela que atopa co gando no monte ou traballando as viñas, violándoa *in situ*: o envés do preciso ceremonial que fixa o rol sexual do señor como parte do casamento dunha parelia de vasalos.

O clima de polarización social e mental na segunda metade do século XV contribúe non pouco a sumar mulleres violadas ós múltiples agravios do reino de Galicia. Aínda vinte anos despois da revolta irmandiña, nun dos intentos máis serodios, e inútiles, de voltar á dourada situación anterior a 1467, Nuño Gómez de Puga, alcalde da fortaleza de Allariz por Juan Pimentel, irmao do Conde de Benavente, é denunciado polos veciños da vila ante a xustiza real, baixo a seguinte acusación, entre outras: "tenia consigo en la dicha fortaleza algunos criados e parientes suyos y les consentian que matasen ombres y llevasen mujeres casadas e que matasen despues aquellos que las llevaban a sus maridos e por aquella cabsa en la dicha villa de han desfecho ocho o nueve casas de oficiales" ⁽¹⁵⁾. O señor aparece ante o

⁽¹⁴⁾ *Mentalidad justiciera*, p. 203.

⁽¹⁵⁾ *Arquivo de Simancas, Rexistro Xeral do Selo, 11-1469, fol. 172.*

pobo como responsable do que fan os seus homes, e estes precisan matar os artesáns para levar as súas mulleres, proba da tremenda resistencia que, despois do levantamento xeral da Santa Irmandade, tiñan que afrontar os pequenos "señores" para seguir exercendo o dereito degradado de pernada, que a estas alturas, insistimos, desaparecido todo asomo de consenso vasalático sobre el, e posto en práctica por simples campesiños vestidos de soldados, respostaba a unha imaxe elemental de forzamento de muller.

Se hai un silencio bastante xeral sobre o dereito de pernada nas fontes escritas (agás as excepcións que máis adiante nos van servir para aproximarnos ó seu perfil social, mental e simbólico) tampouco as fontes orais se libran totalmente da tendencia a ocultar as prácticas feudais do sexo, acabamos de velo no discurso dos campesiños de Aranga. É preciso interrogarse porque dito uso señorial entra con tanta frecuencia, en Galicia e en Castela, no terreo do non-dito, do que se fai pero non se di e menos aínda se escribe. Sabemos que os usos e costumes de transmisión oral raramente se transcriben. E que cando a difusión dun dos ditos usos podería ser causa de mala fama para o señor e para os vasalos implicados, tamén estes se repregan a certa cómplice intimidade que vela e enche de ambigüedades os feitos (as mulleres indo silenciosamente dúas veces ó ano a Carballotorto a non se sabe que servicio). ¿Garda isto algunha relación co silencio outorgante con que as mentalidades da época encubren a libre vida sexual de tantos clérigos e seglares antes da reforma e do Concilio de Trento? É posible, pero precisamente as prácticas sexuais que se toleran non se ocultan alevosamente. O encubremento é índice de mala conciencia e, no peor dos casos, de temor á xustiza.

A privacidade da práctica da pernada sinala o grao do seu deterioro como dereito consuetudinario. Na súa orixe consiste na invasión pública, esixindo o seu dereito e exhibindo o seu poder, por parte do señor do corpo e da privacidade do espacio da muller, dos novios e da casa familiar, o mesmo día e no mesmo lugar en que parentes e amigos e veciños se reúnen para festexar dito casamento e visitar os recién casados. A clandestinidade trastoca o dereito señorial en aberta violación, en pecado contra a honestidade, en violencia privada con fins sexuais que calquera home, sexa vasalo sexa señor, pode exercer sobre calquera muller.

Chega un momento en que, perdido todo sentido para a comunidade do ritual sexual da primeira noite, as mulleres e os vasalos

asinten e calan por medo ó señor ⁽¹⁶⁾, sinten impotencia fronte ó seu poder ⁽¹⁷⁾, caen nun consenso fatalista que admite as prestacións corporais e actúa, en casos extremos, como unha especie de servilismo do bo vasalo que busca quedar ben co seu señor prestándose ó uso da filia, irmá ou esposa como obxectos sexuais.

Por outra banda, non hai que esquecer que denunciar ó señor como violador supón, ademáis de desafiar a súa ira virtual — o que non estaba ó alcande dunha muller ou dunha familia individual ⁽¹⁸⁾ —, poñer en evidencia a deshonra da muller e da familia, e aínda a cobardía dos seus esposos, pais e irmaos... Misión imposible fóra de conxunturas mentais de revolta.

Entrando no século XV tomamos contacto con algúns casos sonados de grandes señores galegos, e casteláns, que practicaban o dereito á primeira noite, por medio do rumor e do romance, vía corrente e case única de comunicación de novas sobre tema tan particular, e que afecta a xente poderosa: "e muchas cosas se callaron por algunos grandes varones que se dixeron por otros menores" ⁽¹⁹⁾. Agás que outros señores, ou o Rei e os seus cronistas, ou os mesmos vasalos, aproveitaran o desliz señorial para tentar quitar o poder — e a vida, como en Fuenteovejuna ⁽²⁰⁾ — a tan gran malfeitor (sen descartar a eventualidade dunha falsa acusación) e, de paso, deixar constancia escrita de tamaña e segreda transgresión ⁽²¹⁾. Cando se rompa plenamente o silencio da impiedade duns e do medo doutros, a

⁽¹⁶⁾ Cando o violador é o axente señorial o temor é máis físico, menos complicado, e máis sinxelo o proceso de equiparación mental e legal a un malfeitor común por parte da familia da vítima.

⁽¹⁷⁾ B. S. Anderson, J. P. Zinsser, *ób cit*, p. 140; impotencia feminina tamén fronte ó poder dos homes da súa familia que a bo seguro aviñan máis fácilmente que as vítimas a pagar sen rechistar o tributo corporal que elas se encargaban de satisfacer.

⁽¹⁸⁾ A meirande parte das denuncias por violación contra axentes señoriais que atopamos son colectivas.

⁽¹⁹⁾ D. Valera, *Prosistas castellanos del siglo XV*, I, BAE n. 116, Madrid, 1959, p.9.

⁽²⁰⁾ Tamén nos outros casos os nobres que imos estudar, o Duque de Arjona e Rodrigo de Luna, o final foi a morte violenta, xustificada, sobre todo ñas mentalidades colectivas, con esas acusacións de violadores feudais, para quen a morte era, en teoría ó menos, pena obrigada.

⁽²¹⁾ O segredo medieval era compañía habitual da mala conciencia e das malas obras.

derrota dos usos señoriais vistos como forzamentos será estrepitosa (1458, Santiago; 1467, Galicia; 1486, Cataluña).

De Fadrique Enriquez, Conde de Trastámara, Duque de Arjona, di un "Romance antiguo, que compusieron, diciendo el Rey, de vos El Duque de Arjona, grandes querellas me dan, que esforçades las mujeres casadas y por casar", segundo recolle o nobiliario de Malaquías de la Vega cara 1625 ⁽²²⁾. Nobre de primeira orde na Galicia dos anos 20 do século XV, moi metido nas pugnas da Corte de Castela, morre Don Fadrique axusticiado no 1430 por orde de Juan II e do seu valido Álvaro de Luna. Os datos da tradición oral contemporánea de Don Fadrique sobre este gran cabaleiro, amigo de trovadores ⁽²³⁾, debuxan o perfil dun home adúltero, que maltrata á súa muller Aldonza de Mendoza, rouba a súa dote e as súas alfaías, e tena durante dous anos en prisión ⁽²⁴⁾. A extrema violencia con que reacciona o Duque ante a sospeita, ou a certeza, de que damas da súa corte señorial se deitan cun paxe ⁽²⁵⁾ e con dous monxes ⁽²⁶⁾, é máis propia dun amante celoso que dun señor preocupado pola honestidade das damas de compañía da súa esposa ⁽²⁷⁾. En 1425 consegue Enriquez de Juan II carta de lexitimación para o seu bastardo Alfonso de Castro, "avido en Aldonca Alfonso de Orense mujer casada ⁽²⁸⁾", a quen nomea herdeiro do Condado de Trastámara, disposición que non surtirá demasiado efecto á súa morte. Confirmamos pois a afición *S.

⁽²²⁾ *Chronologia de los jueces de Castilla*, BN ms. 19. 418, fol. 321.

⁽²³⁾ *Plógole mucho la scienda del trovar y gusto de tener en su casa grandes trovadores*, (Marqués de Santillana), citado por A. López Ferreiro, *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*, VII, Santiago, 1983, p. 44.

⁽²⁴⁾ Segundo información de testemuñas recollida en 1443, Arquivo do Duque de Alba, C-85-1.

⁽²⁵⁾ Mandou botar da torre embaixo a un paxe do que sospeitaba — demostrouse que sen razón — "dormía con las damas", 1480 información de fidalguía de López de Marceo, *Boletín del Museo Arqueológico de Orense*, VI, 1950-1, p. 116.

⁽²⁶⁾ Testemuña un clérigo que o Duque derrubou a fortaleza de Marceo "por dous abades que lie durmian con las damas e acolláronse a la fortaleza", *idem*, p. 118.

⁽²⁷⁾ É perfectamente compatible dende a subxectividade do cabaleiro contemplar como lexítima e ata honesta, a relación sexual do señor coas súas mulleres dependentes (dereito de pernada) e como deshonestas se elas fan o mesmo con outros homes; o honor é cuestión de posesión.

⁽²⁸⁾ *Chronologia de los jueces de Castilla*, fol. 308.

de Fadrique Enriquez ás "mujeres casadas", no caso citado veciña dunha cidade sobre a que, por aqueles anos, o Duque exercía de facto como gran e poderoso señor ⁽²⁹⁾. Asimesmo hai evidencia de que as queixas das súas andanzas chegan ata o rei Juan II ⁽³⁰⁾. O partido deste, contrario do Duque, aproveitará o argumento para desprestixialo cando, por razóns políticas, decide librarse do Duque mediante a prisión e a morte.

Malaquías de la Vega, querendo limpar a memoria do Duque de Arjona, engade á letra do romance inculpatório: "Ya se sabe, que no hacia el Duque semejantes delitos, sino un caballero, de su casa, que por librarse de la prisión de las justicias, de noche encubierto, decía que era el Duque de Arjona y por esto se daban las quejas deses delitos, imponiéndolos al Duque" ⁽³¹⁾. Certamente, Fadrique Enriquez non semellaba precisar de sustitutos en cuestión de perseguir mulleres. O cronista da nobreza enfronta así, ó romance antiseñorial, unha tradición oral contraria, exculpadora do cabaleiro axusticiado polo Rei ⁽³²⁾, que el mesmo tenta de continuar, e relanzar, co prestixio da súa cultura escrita.

Quizáis sen querer ratifica Malaquías a gravidade dos actos en cuestión, non son conquistas amorosas das que se poida pavonear un gran señor, son crímenes a perpetrar "de noche encubierto" (segredismo do dereito de pernada na súa fase de decadencia) para "librarse de la prisión", que so poden ser executados por *alter ego*, ese hipotético cabaleiro servidor que se disfrazaba de Duque de Arjona...

(29) En 1426 o alcalde do Duque confirma unha sentenza por homicidio dada polo concello de Ourense, publica X. Ferro Couselo, *A vida e a jala dos devanceiros*, Vigo, 1967, pp. 119-123.

(30) Despois de derrubar Marceo so pretexto de que alí se tiñan acollidos ós monxes que se deitaran coas súas damas, o seu agraviado dono, "foise queixar al rey por la fortaleza e logo el duque foi citado a corte por aquilo e por al", *Información de hidalguía*..p. 117.

(31) *Chronologia de los jueces de Castilla*, fol. 321; sigue escribindo o noso autor que "en negocio de haciendas no se sabe las tomasse a nadie" como se este fora o delito que habería que considerar máis que o de levar mulleres casadas e sen casar sempre *a posteriori* susceptible dunha disculpa donjuanesca: "Don Fadrique pasó a la historia como un audaz conquistador de emblecas es decir, de mujeres casadas", J. Garcia Oro, *La nobleza gallega en el siglo XV*, Santiago, 1981, p. 39.

(32) O mellor exemplo galego: a tradición oral en defensa do Mariscal Pardo de Cella axusticiado en 1483 polo gobernador dos Reis Católicos.

Traspasar a un subordinado as feas responsabilidades do señor era algo normal. E xa dixemos que cando o dereito de pernada no século XV perde a roupaxe cerimonial e asume a imaxe da violación: son os axentes señoriais os maiores practicantes. Ambas cuestións recóllense na contra-tradición que quere impulsar o Malaquíás de la Vega. Pero quizáis haxa máis: un indicio esquizoide moi propio do outono medieval. O desdoubramento inconsciente entre o bo cabaleiro e o cabaleiro malfeitor, o "outro" que de noite leva a cabo aquelas maldades que a nosa boa conciencia de día nega ⁽³³⁾.

Á caída en desgracia e axusticiamento, en 1453, de Álvaro de Luna, enterrador do Duque de Arjona, seguiu non moito despois, invertíndose os papeis, a do seu sobriño bastardo Rodrigo de Luna, arcebispo de Santiago, acusado en 1458 de practicar o dereito de pernada, expulsado do seu señorío e morto en estranas circunstancias en 1460. Dous anos despois de recibir aviso da Corte para ir á guerra e dar conta do seu comportamento. Escribe o cronista Diego de Valera: "fue llamado por el rey a causa de algunas ynformaciones que le fueron fechas de su desonesto vivir" ⁽³⁴⁾. Aínda que noutro tipo de fontes non consta este segundo motivo da convocatoria.

Os documentos reais e eclesiásticos referidos os feitos dos anos 1458-1460 en Santiago, falan de realidades terreaís de guerra, obediencia e señorío, e non de punición de prelados por pecados contra a honestidade. ¿Non era polo demais costume xeralizado no século XV certa despreocupación dos clérigos, incluídos os arcebispos, en gardar votos de virxinidade, castidade e celibato? É no marco da liberalidade medieval en canto a prácticas ⁽³⁵⁾ sexuais como hai que entender o dereito de pernada como un rito sexual de vasalaxe avalado polo uso e o costume, o que presupon certo acordo das partes, garantido no caso de mala conciencia pola dobre moral da época, vixente sobre todo nos medios dirixente.

Rodrigo de Luna recibiu carta real en marzo de 1458 para reunir o seu exército e acudir á guerra de Granada, mais negáronse a seguilo os cabaleiros feudatarios da Igrexa de Santiago, de xeito que estando o arcebispo fora do seu señorío ó servizo do rei, rebeláronse contra el, uníndose a eles os veciños de Santiago e doutras cidades e

⁽³³⁾ As raíces culturais do mito literario de Stevenson sobre o Doctor Jekyll e Mister Hyde (1866) son máis antigas do que poidera pensarse.

⁽³⁴⁾ *Memorial de diversas hazañas*, Madrid, 1941 pp. 52-53.

⁽³⁵⁾ A visibilidade, familiaridade e liberdade para o sexo perduran ata o século XVII, segundo M. Foucault, *Historia de la Sexualidad*, Madrid 1987, p. 9 ss.

lugares do arcebispado, e a maioría do cabido catedralicio. Consta que Enrique IV mandou chamar á Corte a ambas partes, mais mantivo, ata a sospeitosa morte do arcebispo en 1460, unha actitude dura e coherente de apoio (envia ali a Juan de Padilla para poñer orde) a Rodrigo de Luna ó fin de que poidera recuperar o poder perdido (do honor non parece preocuparse moito), non mencionando nas súas cartas conminatorias ós concellos, cabaleiros e coengos rebeldes para que obedezan ó arcebispo e acepten o seu señorío e lie paguen as rendas, nada sobre o presunto "desonesto vivir" do arcebispo ⁽³⁶⁾.

Unha vez desaparecido Don Rodrigo, os rebeldes impoñen como novo arcebispo de Santiago, contra a opinión de Enrique IV que postulaba a Fonseca, a Luis Osorio, filio do Conde de Trastámara (xefe do bando nobiliar anti-Luna) e irmão dun Pedro Osorio quen en 1467 será un afamado dirixente militar da revolta irmandiña contra Fonseca. As visitas a Roma de ambas partes para conquistar o nomeamento pontificio ben para Luis Osorio, arcebispo de feito, ben para Alonso de Fonseca que ó cabo desprazará ó primeiro pola vía das armas, propagou con toda probabilidade na corte de Pío II o rumor dos malos feitos de Rodrigo de Luna e o inevitable desmentido do bachaler Diego de Castro defensor y do arcebispo desterrado ⁽³⁷⁾-

Antonio López Ferreiro, historiador e coengo, que recoñece como posible o mal vivir que se decía de Don Rodrigo ⁽³⁸⁾, non obstante pregúntase: "¿Qué se hizo, pues, de los capítulos de acusación presentados contra D. Rodrigo, y en particular del principal? En ninguno de los documentos coetáneos que acabamos de recorrer (...) se halla el menor indicio de lo que a nuestro Prelado se atribuye" ⁽³⁹⁾. O silencio documental nos arquivos catedralicio e arcebispal é tan espeso que delata tal vez o delito segredo, pois tampouco se argumenta nada contra o rumor que recolle Diego de Valera na corte de Castela.

⁽³⁶⁾ Documentos do arcebispo Rodrigo de Luna do Arquivo Catedral de Santiago publicados en A. López Ferreiro, *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*, VII, p. 219 ss, apéndice pp. 115-123; *Don Rodrigo de Luna*, Santiago, 1884, p. 31 ss; e cartas reais de Enrique IV dos anos 1458-1460 no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, leg. 21, fols. 45, 51, 60, 66, 72, 73, 73v, 78, 84, 86, 89, 93, ss, 96, 101, 103v, 107-109, 112-116, 134-135.

⁽³⁷⁾ A. López Ferreiro, *Historia*, VII, p. 242, apéndice p. 129.

⁽³⁸⁾ "No es intrínsecamente imposible que Don Rodrigo hubiese cometido las torpezas que se le achacan y que hubiese tenido el fin que se le supone", *Don Rodrigo de Luna*, p. 6.

⁽³⁹⁾ *Idem*, p. 57.

Ten a súa lóxica que nos documentos do arcebispo implicado non se atopen mencións á inculpación moral, así como tampouco nas cartas do seu amigo e protector o rei Enrique IV. Toda publicidade do caso debilitaba a loita por repoñer a Rodrigo de Luna na silla arcebispal. Os graves problemas sociais suscitados pola insumisión xeral de vasallos do arcebispado, relegaban ademais a un segundo plano toda outra consideración, sobre todo moral. A "torpeza" de Don Rodrigo que contribuirá altamente a desencadear a rebelión que o levou ó exilio, era un mal pasado que non tiña remedio.

A evidencia de orixe oral ven a substituír e completar a evidencia escrita. Diego de Valera, con moi poucas simpatías por Enrique IV e polo sobriño de Alvaro de Luna, alonxado do entorno real por aqueles anos ⁽⁴⁰⁾ aínda que testemuña directa da política cortesana (morre en 1487), está moi interesado en poñer por escrito as "ynformaciones" (con toda seguridade verbales), sobre o arcebispo deshonesto de Santiago, que os cabaleiros contrarios fixeron chegar ó Rei e espeta na súa crónica: "Y entre otras cosas asaz feas que este arçobispo avia cometido, acaescio que estando una novia en el tálamo para celebrar las bodas con su marido, el la mando tomar y la tuvo consigo toda una noche" ⁽⁴¹⁾.

Unha boa aproximación á práctica do dereito de pernada esta descrición ofrecida por Valera. *Tálamo* significa "el aposento donde los novios celebran sus bodas y reciben las visitas y los parabienes" e/ou "la cama de los mismos novios" ⁽⁴²⁾. Parece ser que o axente señorial chega no momento das visitas, xusto antes de que se consuma

⁽⁴⁰⁾ Aliñado cos nobres que comezaban a conspirar contra Enrique IV, Diego de Valera escribe ó Rei en 1462 dándolle consellos que en realidade son acusacións: que se concedía dignidades eclesiásticas a "onbres indinos, no mirando servicios, virtudes, linages, ciencias (...) por muchas cosas se callaron por algunos grandes varones que se dixeron por otros menores". Silencio cómplice que o asinante non secundara no caso de Rodrigo de Luna e que case seguro contén unha velada ameaza a Enrique IV, pois a continuación Valera, con toda a intención intimidatoria, pasa revista ós reis e papas que foron depositos e incluso mortos por "manos de sus vasallos por su mala gobernación"; remata a epístola asegurando que "conviene tomar los caminos contrarios de los que fasta aqui llevastes", *Prosistas castellanos del siglo XV*, Madrid, 1959, pp. 8-9.

⁽⁴¹⁾ *Memorial*, p. 53.

⁽⁴²⁾ S. Covarrubias, *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611), Madrid, 1984, p. 951; A. Palencia, *Universal Vocabulario*, (1498), Madrid, 1957, p. 181.

en privado o matrimonio, e públicamente leva se á novia por orde do arcebispo sen aparente impedimento, facendo valer a autoridade que representa e sen dúbida o peso dun antigo costume, é coma o heraldo que anuncia o inicio do ritual. Non se trata dun rapto furtivo a man armada con fuxida posterior: non é un rapto con fins sexuais. Tampouco unha simple violación onde a forza bruta e as ameazas físicas o son todo ⁽⁴³⁾. Aquí o decisivo é a coacción moral... fundamentada en certa tradición. O poder señorial "manda, toma, tiene consigo" ante todos, como quen fai emprego dim dereito lexítimo que so hai que reclamar. Se o apremio era necesario para o cobro dos dereitos señoriais ⁽⁴⁴⁾, canto máis para requirir un tributo corporal desas características: "toda una noche". O acto sexual non se nomea, sobreenténdese, ata pode incluso que non tivera lugar, o realmente importante é que a cerimonia chegou á súa conclusión pois "la tuvo consigo toda una noche", *ius primae noctis*, e que o señor substituiu ao marido na noite de bodas, consumindo no seu lugar o matrimonio. E chegamos así ó fondo do problema, principalmente simbólico. Mediante o rito de pasar coa novia a primeira noite o señor significa e ensina, símbolo e pedagogía, a preeminencia do seu poder sobre a nova relación de poder que se constitúe nese instante: a familia conxugal. A muller ten que obedecer ó marido, pero non despois de obedecer ó señor, serva do señor antes que esposa, ó igual que o marido, que consentindo ser reemplazado a noite de bodas, demostra antes ser vasalo que esposo, e así os demais homes da casa, pai e irmaos. Todos pasaron ou terán que pasar con dor pola mesma aprendizaxe: o poder do cabeza de familia é subsidiario do poder do señor, o señor é a única e máxima fonte do poder. Discurso imaxinario e conductual que choca naturalmente coas pretensions eclesiásticas de facer do matrimonio un lazo sacramental, polo que dificilmente a Igrexa poder avalar o dereito de pernada.

Pero voltemos ó fio do relato de Diego de Valera, que despois de contar a posta en escena señorial a noite da boda, reseña a revolta, que adiviñamos coa súa dimensión xusticieira, dos cabaleiros, facendo fincapé na falla de resposta e na responsabilidade real en todo o

⁽⁴³⁾ A violación en si con probabilidade produciuse logo, nos aposentos do arcebispo.

⁽⁴⁴⁾ Na revolta que seguiu a estes feitos, os vasalos negáronse a pagarlle nada ó arcebispo e sustraíronse totalmente da súa xurisdicción, AHDS, leg. 21, fols. 45-135.

asunto: "Y como desto se querellasen al rey, y como ya fuese ynformado de su desonesto vivir, no se dio a ello ningún remedio, de que se siguiesen grandes daños, muertes y robos en aquel reyno de Galicia" (45). Remata o capítulo do memorial remachando que nunca máis Rodrigo de Luna recuperou o arcebispado: "y asi murió derramado y pobre, por sus grandes culpas y deméritos" (46). A loita polo poder na Corte favorece, no caso de Don Rodrigo de Luna, a ruptura do silencio cómplice e o salto dos dados indirectos da tradición oral á tradición culta.

Galíndez de Carvajal, cronista e conselleiro dos Reis Católicos e de Carlos V, copia literalmente de Valera o relato de como o arcebispo tomou á novia (47), e insiste en como foi chamado Rodrigo de Luna por Enrique IV, ó obxecto de éste "ponerse medio e dar orden de los grandes males que del se dezian", e que despois é o propio arcebispo, coñecida a revolta, quen presenta á súa vez queixas ó Rei, "Desta nueva el rey ovo asaz enojo", quen — di o cronista — non se move con prontitude en favor do deposto arcebispo de Santiago a causa do malestar que lie producirán as novas das súas deshonestidades (48). Non foi así, as fontes documentais desminten á fonte narrativa, a resposta de Enrique IV en favor de Rodrigo de Luna contra os cabaleiros rebeldes foi incondicional e fulminante (49), e nada fixo o Rei en relación coa acusación puntual do rito sexual coa

(45) *Memorial*, p. 53; o cronista fálanos de dúas embaixadas á Corte, unha antes da rebelión (onde informan do "desonesto vivir") e outra despois.

(46) Non resiste a tentación de tirar o máximo partido da moralexa: "De todos los hombres, por grandes estados que sean, deven tomar exemplo, y guardarse de fazer lo que no devan, confiando en su gran poder; acordándose ser Nuestro Señor tan justo que ni dexa mal sin pena ni bien sin galardón", *idem*, p. 54.

(47) O propio Galíndez era filio lexitimado dim arcediano e dunha doncela nobre, J. Torres Fontes, *Estudio sobre la "Crónica de Enrique IV" del Doctor Galíndez de Carvajal*, Murcia, 1946, p. 21.

(48) "No dio en esto tanto remedio quanto dar se deviera, antes se creyó aver avido plazer de los movimientos cometidos contra tan desonesto perlado, y por eso tardo de proveer cosa alguna de lo que el arçobispo cumplía", *idem*, p. 142.

(49) O 19 de marzo de 1438 néganse os cabaleiros da Terra de Santiago, os seus vasalos, a seguir ó arcebispo á guerra de Granada, e o 7 de abril de 1458 asina o Rei a primeira carta ordeando que os cabaleiros en rebeldía abandonen a cidade de Santiago da que se apoderaran, A. López Ferreiro, *Don Rodrigo de Luna*, pp. 35-37; AHDS, leg. 21, fol. 45.

moza sacada do tálamo. Enrique IV non era precisamente un rei que destacara persoalmente pola súa inquietude xusticieira en relación coas mulleres forzadas ⁽⁵⁰⁾, por moito que a mellor intención de Galíndez ennobleza a súa reacción no caso que nos ocupa ⁽⁵¹⁾. En xeral, Galíndez tende a moderar os xuicios apaixonados sobre os pasados reis, e como xurista destacado — oidor da Chancellería de Valladolid desde 1499, os 27 anos — e defensor da institución monárquica, molestaríalle que o Rei non tivera feito xusticia severa nunha cuestión tan grave como a cuaseviolación perpetrada por un arcebispo ⁽⁵²⁾. De novo a converxencia, característica da Baixa Idade Media, entre a tradición oral de revolta — que recollera Valera — e o dereito escrito cortesano que representa o xurista Galíndez, quen como cronista retoca dita tradición para adecúala ás súas concepcións monárquicas letradas.

A tradición letrada sobre o arcebispo de Santiago, presunto violador de doncelas recién casadas, iniciada por Valera non moito despois dos feitos, bebendo das fontes da oralidade e da revolta, pasa cara a segunda metade do século XVI á tradición eclesiástica postridentina. En efecto, os historiadores eclesiásticos da contrarreforma transmiten o xuicio moral e político máis radical sobre o asunto de Don Rodrigo ⁽⁵³⁾: dan claramente a razón os vasalos rebeldes e fan de Rodrigo de Luna un contramodelo de prelado cristián, seguindo en xeral a Valera en canto á narración da acusación central, isto é,

⁽⁵⁰⁾ Cara 1455 conta o mesmo Valera dous casos de servidores de Enrique IV, un mouro e un capitán que tomaron pola forza a doncelas, e indo os familiares e o pobo a pedir xusticia ó Rei, este reacciona facendo responsable por omisión os pais, por "aver puesto muy mal recado en su casa y fija dexándola sola", ameazando incluso con azoutar ós demandantes, *Memorial*, p. 28.

⁽⁵¹⁾ Aínda que tamén dá por boa a versión de Valera dos raptos de doncelas que Enrique IV deixara escandalosamente sen punición, J. Torres Fontes, *Estudio...*, pp. 109-110.

⁽⁵²⁾ Recordemos que por deitarse un clérigo cunha casada virxe estaba prevista como pena quitadle os seus bens e o seu oficio eclesiástico, *Partidas*, 1, 5, 35; os rebeldes xusticieiros de Santiago e a súa Terra non fixeron outra cousa, destroaron a Rodrigo de Luna da mitra arcebispal e expropiaron os seus beneficios terreais en Galicia.

⁽⁵³⁾ Moito antes que os liberais do século XIX por razóns diversas fustigaran o dereito de pernada e outros usos feudais, fixérono ó seu modo os humanistas e os reformistas católicos dos séculos XV, XVI e XVII.

voltan dalgún xeito á tradición oral difundida primixenamente dende Galicia.

O Padre Mariana, en 1601, escribe: "en especial era grande la disolución de los eclesiásticos; a la verdad se halla que por este tiempo don Rodrigo de Luna, arzobispo de Santiago, de las mismas bodas y fiestas arrebató una moza que se velaba, para usar della mal; grande maldad y causa de alborotarse los naturales debajo de la conducta de don Luis Osorio, hijo del Conde de Trastámara. En enmienda de caso tan atroz despojaron aquel hombre tan facineroso y malvado de su silla y de todos sus bienes; lo que le quedó de la vida pasó en pobreza y torpezas, aborrecido de todos por sus vicios y infame por aquel exceso tan feo" ⁽⁵⁴⁾.

En 1645, Gil González Dávila, dominico e cronista real dende 1612, empeza por acusar a Alvaro de Luna de dar, nepóticamente, as dignidades eclesiásticas a "personas indignas" e pon de exemplo "a Don Rodrigo de Luna su sobrino, que estudiava Gramática en la ciudad de Avila, le hizo dar el Arçobispado de Santiago, con escándalo del Reyno" ⁽⁵⁵⁾, e seguindo a outro historiador eclesiástico de mediados do século XVI ⁽⁵⁶⁾, engade: "vivió como quiso, con deshonor de su Dignidad, y persona. Dice san Juan Crisostomo, que el que no estima la fama de su nombre es cruel, y capital enemigo de su alma. El Rey don Henrique le mandó venir a su Corte para ponerle en razón..." ⁽⁵⁷⁾. Lava a imaxe do rei Enrique — ó xeito de Galíndez —

⁽⁵⁴⁾ Remata o noso clérigo historiador cunha disquisición non exenta de valor relixioso-filosófico sobre as consecuencias dun instante de placer "Desta forma en breve penó el breve gusto que tomó de aquella maldad con gravísimos y perpetuos males, con que por justo juicio de Dios fue, como lo tenia bien merecido, rigurosamente castigado", *"Historia de España", Obras del Padre Juan de Mariana, 1854, p. 150.*

⁽⁵⁵⁾ *Teatro Eclesiástico*, I, Madrid, 1645 p. 76; en efecto, Rodrigo de Luna foi nomeado arcebispo á idade non canónica de 24 anos (sendo xa capelán maior do rei Juan II, tesoureiro da Igrexa de León e notario apostólico), o cal se resolveu nomeandoo administrador apostólico, ata que cumpliu os 27 anos e pudo exercer plenamente como arcebispo de Santiago, A. López Ferreiro, *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*, VII, pp. 187-193.

⁽⁵⁶⁾ Véxase Antonio López Ferreiro, *Don Rodrigo de Luna*, p. 5 n 2.

⁽⁵⁷⁾ "y estando en ella, mientras le dava la regla y forma de bien vivir, el conde de Trastamara Pero Alvarez Osorio, y otros caballeros, le tomaron sus villas y fortalezas, las cuales mientras vivió no las pudo cobrar. Murió desterrado de su Iglesia" *idem*, p. 77; en fin, na versión do Padre Mariana os cabaleiros rebeldes semellan instrumentos divinos, e Enrique IV Moisés

sacrificando a fama e a alma de aquel Don Rodrigo, quen posiblemente aprendeu na súa propia carne que os tempos e os dereitos xenuinamente feudais estaban chegando ó seu fin.

Co *affaire* de Rodrigo de Luna conclúen as nosas referencias ás prácticas por parte de grandes señores do dereito de pernada en Galicia; á altura do ano 1458 dito uso e ritual perdera xa toda traza de consenso social. Entre 1458 e 1467, non atopamos pegadas que impliquen a grandes señores en delitos que poideran parangonarse como violacións, pese ó importante número de agravios señoriais que recollemos nas declaracións orais das testemuñas do pleito Tabera-Fonseca, quen non pasarían por alto calquera nova sobre grandes cabaleiros e prelados violadores. Ó estoupar en 1467 a sublevación irmandiña o dereito de pernada, no seu senso orixinal, feudal, era xa auga pasada como práctica social. Proba indirecta tamén do tremendo eco popular que tivo que preceder e seguir á desposesión de Rodrigo de Luna, acusado de forzamento ritual. Non dispomos, hoxe por hoxe, de listas de agravios dos rebeldes da cidade e Terra de Santiago contra Rodrigo de Luna: coñecemos as súas opinións máis ben a través das fontes adversas, reais e arcebispais. A irmandade e confederación dos veciños de Santiago, Noia e Muros eos cabaleiros para a mutua defensa, suscrita o 7 de xuño de 1458, é un pacto bilateral escrito que so se refiren significativamente ó enemigo común, o arcebispo Rodrigo de Luna, para acordar que "prometemos de non faser pas ni concordia con el arçobispo de Santiago" ⁽⁵⁸⁾. Nin rastro dos motivos desencadeantes da revolta. A nosa investigación sobre os levantamentos baixomedievais ⁽⁵⁹⁾ ensina que a diferenza do pleito legal, onde se atopan dende o primeiro momento cuestións de rendas, señorío e xurisdicción: a revolta armada estoupa como indignación colectiva ante un(s) agravio(s) intolerable(s), estabilizándose máis ou menos de inmediato como protesta social e económica ⁽⁶⁰⁾. Por iso

entregando as táboas da lei, imaxe que dende logo non é propia do Padre Mariana, crítico feroz de dito rei, senón probablemente dos textos un pouco máis moderados de Valera e Galíndez.

⁽⁵⁸⁾ Publica *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago, 1901, p. 26.

⁽⁵⁹⁾ Temos estudado en concreto o rol dos agravios nos levantamentos galegos da segunda metade do século XV en *Mentalidade justiciera de los irmandiños*, Madrid, 1990.

⁽⁶⁰⁾ En 1468, o clérigo Rui Vázquez describe a revolta popular contra Rodrigo de Luna como unha loita antiseñorial: "Por lo cual indo a mandado de noso señor el Rey, se levantaron contra el, non querendo obedescer por

consideramos acertada a relación que establece o contemporáneo e ben informado Diego de Valera entre revolta antiarcebispal e as "cosas asaz feas que este arçobispo avía cometido", moi particularmente a toma pública da novia. Só unha mentalidade xusticieira moi asentada puido transformar en xuño de 1458 a revolta nobiliaria nunha revolta popular e clerical ⁽⁶¹⁾, cimentando no sentimento colectivo de agravio unha dispar, conxuntural pero triunfal alianza de cabaleiros, cidadáns e coengos contra Rodrigo de Luna.

A condición eclesiástica de Don Rodrigo intensificou con seguridade ante o pobo cristián a representación agravante da práctica señorial da pernada. Por moito menos puxeron o berro no ceo, en 1456, os feligreses das parroquias de Betanzos ó protestar porque as ofrendas que facían os días festivos para a "Redención de sus animas y de sus difuntos (...) son osorpadas et apropiadas al uso et comunicación de los usos humanos", tendo o arcebispo Rodrigo de Luna que ceder ós párrocos o seu cobro: "para evitar el escándalo et mormuración entre los parrochianos et feligreses de las dichas iglesia" ⁽⁶²⁾. Así de temible era o efecto colectivo ó coñecer os parroquianos do arcebisado a nova da "cosa asaz fea" que Valera recolle andando o tempo de viva voz na Corte de Castela. Non é estrano que os nobres, os cidadáns do concello e os coengos do cabido (e despois os inimigos de Don Rodrigo e do seu tío, recén executado, na Corte) consideraran que chegara a hora de actuar e de presentar cada un as súas reivindicacións pendentes aproveitándose da vulnerabilidade do outrora todopoderoso arcebispo.

A función do dereito de pernada como detonante — agravio intolerable — dunha revolta social está máis clara aínda na documentación do levantamento de Fuenteovejuna en 1476 contra o

señor, et esto por los pedidos grandes que el deitara ena çidad et villas e lugares desasperaron del", *Crónica de Santa Maria de Iria*, Santiago, 1951, p. 44; difícil sería atopar aquí a acusación contra Rodrigo de Luna por forzamento, en xeral, Rui Vázquez pasa por alto calquera crítica que poida afectar á Igrexa e ós señores prelados, el mesmo escribe a súa crónica por encargo dun coengo de Santiago, e concentra toda a súa hostilidade milenarista contra o mal vivir dos cabaleiros de Galicia que Deus tiña castigado cerviando ós irmandiños.

⁽⁶¹⁾ O cabido divídese; os minoritarios partidarios de Don Rodrigo foxen de Compostela e refúxianse durante dous anos en Padrón, A. López Ferreiro, *Historia*, VII, p. 226.

⁽⁶²⁾ A. López Ferreiro, *Historia*, VII, p. 208.

seu señor, o Comendador da Orde de Calatrava, monxe e soldado, Fernán Gómez de Guzmán: "hizo tantos y tan graves agravios a los vezinos de aquel pueblo, que no pudiendo ya sufrirlos ni disimularlos, determinaron todos, de un consentimiento y voluntad, alzarse contra el y matarle". O texto é de Francisco Rades de Andrada, cronista da Orde ⁽⁶³⁾, que é quen traslada con maior fidelidade a realidade histórica, e por tanto a tradición oral, da revolta á cultura escrita ⁽⁶⁴⁾, dando lugar posteriormente a unha rutilante tradición literaria que ten o seu máximo expoñente na famosa comedia de Lope de Vega.

Xa en 1477 Alonso de Palencia recollera oralmente na súa crónica real, coa clara intención de defender ó Comendador e de dar pulo á tradición contraria (tentativa fracasada a medio e longo prazo), a sensación de intolerabilidade dos veciños e o agravio principal que a provocara: "Para disculpar de algún modo sus crímenes, acusaron al difunto de torpezas y corrompidas costumbres; pidieron volver al señorío de Córdoba y avisaron al Rey que los habían cometido por no ser más tiempo víctimas de maldades que ningún hombre libre podía tolerar" ⁽⁶⁵⁾. É evidente que a parcialidade de Palencia coartao para explicitar o carácter sexual do agravio — silencio cómplice —, con todo aporta matices que apuntan ó dereito de pernada: corrompidos costumes que ningún home libre podía tolerar, escribe transmitíndonos a opinión popular. Como o benintencionado clérigo Rui Vázquez no caso de Rodrigo de Luna, opón Palencia, á motivación xusticieiro — insurreccional, a reivindicación económica antiseñorial — sen dúbida omnipresente — para explicar a sublevación, sempre menoá perigosa que a temible impugnación moral colectiva: "La única queja del vecindario parecía ser el aumento de pechos por causa de las rentas anuales. Y este fue el pretexto para la conjuración" ⁽⁶⁶⁾. Enténdese que a xustificación antiagravio dos protagonistas é, segundo Palencia, improvisada *a posteriori*. A verdade é que a formación de mentalidade de revolta en Fuenteovejuna-

⁽⁶³⁾ *Chronica de las Tres Ordenes y Cavallerias de Santiago, Calatrava y Alcántara* (1572), Barcelona, 1976, fols. 79-80.

⁽⁶⁴⁾ R. García Aguilera, M. Hernández Osorio, *Revuelta y litigios de los villanos en la encomienda de Fuenteovejuna* (1476), Madrid, 1975, p. 124; E. Cabrera, A. Moros, *Fuenteovejuna, la violencia antiseñorial en el siglo XV*, Barcelona, 1991, p. 148.

H *Crónica de Enrique IV*, BAE n. 258, pp. 286-287.

⁽⁶⁶⁾ *Ibidem*.

juna é un caso axiomático da función detonante dos agravios no estoupido das revoltas medievais.

Rades de Andrada fala con máis transparencia do "mal tratamento a sus vasallos" que inflinxía o señor de Fuenteovejuna: "Ultra desto el mismo comendador Mayor avía hecho grandes agravios y deshonoras a los de la villa, tomándoles por fuerza sus hijas y mujeres, e robándoles sus haziendas para sustentar aquellos soldados que tenía" (67). Aínda que non aporta detalles de cómo tiveran lugar as tomas de mulleres e ata que punto seguía ou non o señor de Fuenteovejuna o ritual tradicional de tomar posesión dos seus corpos na primeira noite de casadas. Sen máis datos, o único que diferencia as supostas violacións perpetradas polo Comendador das violacións comúns é a súa identidade señorial e o abuso de poder que supón, o que non debía de ser pouca cousa: costoulle a vida. É o único caso de serodia aplicación do dereito de pernada, dos que coñecemos, no que a contestación dos vasallos non para ata acadar o axusticiamento encarnizado do señor (68).

Catro circunstancias que concorren na Cataluña da segunda metade do século XV, rompen o acostumado silencio temeroso e cómplice sobre o dereito de pernada que, durante o mesmo periodo, temos detectado en Galicia e Castela, e que nos obrigou a rastrexar ó xeito dos arqueólogos a documentación *savante* na procura dos restos dun dereito señorial consuetudinario de expresión oral.

Primeiro, a supervivencia en Cataluña da servidume persoal provocou sen dúbida unha maior vixencia no tempo e no espazo do dereito feudal á primeira noite dos recién casados.

Segundo, a experimentada organización sindical e loita dos payeses de remensa permiten dispor de testemuñas directas campesiñas e de listas elaboradas por eles mesmos coas súas reivindicacións.

Terceiro, a tendencia negociadora e arbitral da monarquía (sentencia de Guadalupe de 1486) e aínda da nobreza (proxecto de

(67) *Chronica*, fol. 80.

(68) En plena refrega o Comendador quere pactar: "y les preguntó la causa de tanta saña, o si deseaban la restitución de las rentas que habia cobrado" (*Crónica de Enrique IV*, p. 286); pero móstranse irreductibles — proba que a cuestión de tributos non estaba a primeiro plano — e continúan loitando ata darlle crúa morte, para aplacar así a súa cólera xusticieira e lavar o honor mancillado polos forzamentos.

concordia de 1462), fai posible unha expresión legal e escrita, como parte do novo dereito escrito e promulgado, do punto de vista campesiño.

Cuarto, a abolición das remensas, dos malos usos, do dereito de pernada e doutros abusos persoais. Dispomos, gracias a esta victoria campesiña, da máis clara transcripción do ritual sexual señorial da noite de bodas.

Lemos na sentenza de Guadalupe, 1486: "ni tampoco puedan [os señores] la primera noche quel pages prende mujer dormir con ella o en señal de senyoria la noche de las bodas de que la mujer sera echada en la cama pasar encima de aquella sobre la dicha mujer" ⁽⁶⁹⁾. A primeira parte é diáfana, ¿qué pretenden algúns señores cataláns? ⁽⁷⁰⁾: *ius primae noctis*. O verbo "prender" no senso de privar de liberdade ⁽⁷¹⁾ connota o obxectivo que subxace no acto matrimonial de sumisión da muller (nomeada polo seu sexo) ó home payés (nomeado pola súa categoría social que o elevou a interlocutor do Rei), e o señor interrompe a súa realización momentáneamente no momento crucial para, substituíndo ó marido, poñer en evidencia a precedencia do seu poder. A proba de que a importancia do cerimonial consuetudinario é sobre todo simbólica, está na segunda parte, onde se desvela alternativamente unha variante moderada, sen penetración, que deixa a salvo o ritual de poder: bótase á moza sobre a cama e o señor pasa por "encima" dela "en señal de senyoria" ⁽⁷²⁾.

A diferenza entre dereito de pernada e unha violación simple reside en que os xestos e o seu significado son, en principio, máis importantes para o rito da primeira noite que o mesmo acto sexual forzado. Pero este, ademáis do que supón como desafío sexual e sensación de poder para o señor violador, non está exento do seu

⁽⁶⁹⁾ J. Vicens Vives, *Historia de los remensas (en el siglo XV)*, Barcelona, 1978.

⁽⁷⁰⁾ A formulación no proxecto de concordia de 1462, é semellante co matiz da relatividade: "que lo senyor no puxe dormir la primera nit ab la muller del pages. Item pretenen alguns senyores que com lo pages pren muller, lo senyor ha a dormir la primera nit ab ella", E. Hinojosa, *El régimen señorial y la cuestión agraria en Cataluña durante la Edad Media*, Madrid, 1905, apénd. p. 8.

⁽⁷¹⁾ "Vale asir, pero comunmente se toma por llevar a la cárcel", S. Cobarruvias, *Tesoro de la lengua...*, p. 880.

⁽⁷²⁾ Soe traducirse "dereito de pernada" como o rito feudal de poñer a pema do señor sobre o leito dos vasalos a noite de bodas, aínda máis moderado como ritual de apropiación simbólica.

propio simbolismo. Nos rituais feudais de toma de posesión soe colocarse "encima" do poseído a representación do poseedor, pero tamén, tratándose de casas e fortalezas, entra e sae o poseedor no edificio posuído "en sinal de señorío". Temos motivos para pensar que a misoxinia da época non tiña á muller en mellor consideración que os obxectos materiais. O ritual señorial máis efectivo e pedagóxico, na noite de bodas, sería pois: deitarse coa novia virxe. O dereito pleno de pernada comprende entón necesariamente a violación da recién casada polo seu señor feudal. Conforme a promoción real e imaxinaria da muller, e a loita xeral contra as prestacións corporais e o omnímodo poder señorial, avanza durante a Baixa Idade Media, *ius primae noctis* vai malogrando a súa aceptación como rito feudal, quedando pouco a pouco reducido ñas mentalidades colectivas á violación que se perpetra en calquera momento e lugar contra mulleres doncelas, casadas, viúvas ou relixiosas. Entre a admisión do rito e a resistencia á violación transcurren varios séculos: os que precisan a miúdo os homes para desprenderse do cárcere do seu imaxinario social, froito último — ou primeiro, segundo se mire — das súas condicións de produción e existencia.

Ó final, o dereito de pernada, residual na súa aplicación, xa non interesa a ninguén. Argumentan sobre a súa "infructuosidade" os campesiños remensas, en 1462, para convencer os señores de que renuncien a dito costume ritual: "e com aço [esto] sia infructuos al senyor e gran subiugatio al pages, mal eximpli e occasio de mal" ⁽⁷³⁾. O que respostan os nobres por partes: ratifícanse en que nada diso está xa vixente no Principado (recoñecen por conseguinte o seu carácter tradicional), o cal seguramente viñan repetindo unha e outra vez fronte ás acusacións campesiñas ⁽⁷⁴⁾, para contradecirse a continuación e aceptar a anulación da servidume da primeira noite como se fora verdade o contido na demanda dos payeses: por ser cosa "molt iniusta e desonesta" ⁽⁷⁵⁾.

⁽⁷³⁾ E. Hinojosa, *loe. cit.*

⁽⁷⁴⁾ "Responen los ditos senyores que no saben ne crehen que tal servitut sia en lo present principat ni sia may per algún senyor exhigida" *loe. cit.*

⁽⁷⁵⁾ *Loe. cit.*